



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL






Primeiro trimestre de 2022

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Primeiro trimestre de 2022

- O custo laboral das empresas rexistrou en Galicia unha taxa de variación anual do 4,4% no primeiro trimestre de 2022; no conxunto de España a taxa foi do 4,7%. O custo laboral total en Galicia é de 2.427,51 euros, 301,5 euros inferior á media nacional (2.729,01 euros).
- O custo salarial creceu en Galicia un 4,4% no primeiro trimestre de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España un 5,2%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.765,29 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 2.006,61 euros.
- O custo laboral por hora efectiva diminúe un 0,5% en Galicia e non varía en España no primeiro trimestre do ano.
- O custo laboral aumenta en todas as comunidades autónomas.
- A xornada semanal media pactada é de 35,0 horas semanais en Galicia e de 34,6 horas en España.


Custo laboral. Primeiro trimestre de 2022			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
 4,4	Custo total	2.427,51	4,4
 3,2	Custo salarial total	1.765,29	4,4
	Outros custos	662,22	4,5
 1,1	Cotizacións obrigatorias	614,32	4,2
 0,2	Percepcións non salariais	59,19	10,4
 0,1	Subvencións e bonificacións ⁽¹⁾	11,29	15,6

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral das empresas rexistrou en Galicia unha taxa de variación anual do 4,4% no primeiro trimestre de 2022; no conxunto de España a taxa foi do 4,7%. O custo laboral total en Galicia é de 2.427,51 euros, 301,5 euros inferior á media nacional (2.729,01 euros).

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O Custo salarial, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acadou os 1.765,29 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 4,4%. En España, o custo salarial crece un 5,2%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 3,7% en Galicia, acadando os 1.646,05 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.785,90 euros, cun incremento do 4,3% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os Outros custos, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 662,22 euros en Galicia, co que aumentan un 4,5%; en España crecen un 3,5%, ata os 722,40 euros.

2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta na construción e nos servizos mentres que diminúe na industria.

Na Industria o Custo total diminúe un 0,6%, debido á redución do Custo salarial total, -0,9%; os Outros custos aumentan un 0,5%.

INDUSTRIA. Primeiro trimestre de 2022			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
-0,6	Custo total	2.741,71	-0,6
-0,7	Custo salarial total	1.974,40	-0,9
	Outros custos	767,31	0,5
0,4	Cotizacións obrigatorias	712,30	1,4
-0,2	Percepcións non salariais	63,17	-6,8
0,1	Subvencións e bonificacións ⁽¹⁾	8,16	28,1

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O Custo total na Construción aumenta un 6,2%, crescendo o Custo salarial total un 5,2% e os Outros custos un 8,3%.

CONSTRUCCIÓN. Primeiro trimestre de 2022			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
6,2	Custo total	2.659,97	6,2
3,5	Custo salarial total	1.782,41	5,2
	Outros custos	877,56	8,3
0,4	Cotizacións obrigatorias	709,94	1,3
2,5	Percepcións non salariais	176,45	55,7
0,2	Subvencións e bonificacións ⁽¹⁾	8,84	131,4

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos Servizos o Custo total aumenta un 5,8% como consecuencia do incremento do Custo salarial total, 6,0% e dos Outros custos, 5,4%.

SERVIZOS. Primeiro trimestre de 2022

Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
5,8	Custo total	2.333,14	5,8
4,4	Custo salarial total	1.714,92	6,0
1,4	Outros custos	618,22	5,4
0,1	Cotizacións obrigatorias	582,80	5,4
0,1	Percepcións non salariais	47,66	6,1
	Subvencións e bonificacións ⁽¹⁾	12,24	10,1

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral na Industria e nos Servizos en Galicia é inferior á media nacional en máis de 300 euros; mentres que na Construción o custo é superior en Galicia 10 euros.

3. Tempo de traballo

No primeiro trimestre de 2022, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 35,0 horas semanais, e destas, pérdense 4,7 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,6 horas, das que se perden 4,4 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 30,5 horas semanais en Galicia e de 30,4 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva diminúe en Galicia un 0,5% e non varía en España (0,0%).


Custo laboral por hora efectiva. Primeiro trimestre de 2022

	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	18,3	-0,5
Custo salarial total	13,3	-0,5
Outros custos	5,0	-0,4
España		
Custo laboral total	20,6	0,0
Custo salarial total	15,2	0,4
Outros custos	5,5	-0,9

Fonte:NE

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra unha taxa do 4,5% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Madrid e País Vasco, que supera en máis de 400 euros á media nacional, mentres que en Extremadura e Canarias o custo laboral é inferior á media nacional na mesma cantidade.

O custo laboral aumenta en todas as comunidades. Os maiores incrementos prodúcense en Canarias (14,5%) e Illes Balears (10,8%). Os menores crecementos rexístranse en Navarra (0,6%), Cantabria (1,3%) e Murcia (1,4%).

Custo laboral total. 1º trimestre de 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Primeiro trimestre de 2022

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	2.427,51	4,4	2.741,71	-0,6	2.659,97	6,2	2.333,14	5,8
Custo salarial total	1.765,29	4,4	1.974,40	-0,9	1.782,41	5,2	1.714,92	6,0
Custo salarial ordinario	1.646,05	3,7	1.828,71	0,1	1.725,06	4,3	1.596,27	4,7
Outros custos	662,22	4,5	767,31	0,5	877,56	8,3	618,22	5,4
Cotizacións obrigatorias	614,32	4,2	712,30	1,4	709,94	1,3	582,80	5,4
Percepcións non salariais	59,19	10,4	63,17	-6,8	176,45	55,7	47,66	6,1
Subvencións e bonificacións	11,29	15,6	8,16	28,1	8,84	131,4	12,24	10,1
España								
Custo laboral total	2.729,01	4,7	3.145,22	1,4	2.649,65	2,9	2.662,84	5,7
Custo salarial total	2.006,61	5,2	2.292,32	2,0	1.840,57	3,9	1.969,74	6,1
Custo salarial ordinario	1.785,90	4,3	2.007,00	1,7	1.721,38	2,7	1.752,46	5,0
Outros custos	722,40	3,5	852,90	0,1	809,08	0,8	693,10	4,7
Cotizacións obrigatorias	664,38	4,8	784,30	2,1	735,35	2,3	638,12	5,7
Percepcións non salariais	71,24	-3,9	77,91	-16,1	81,94	-8,5	69,26	-0,5
Subvencións e bonificacións	13,21	26,8	9,31	8,3	8,20	45,6	14,27	28,3

Fonte:INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Primeiro trimestre de 2022

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	18,3	-0,5	19,4	-1,3	18,0	2,7	18,1	-0,4
Custo salarial total	13,3	-0,5	14,0	-1,6	12,1	1,8	13,3	-0,2
Custo salarial ordinario	12,4	-1,2	12,9	-0,7	11,7	0,9	12,4	-1,4
Outros custos	5,0	-0,4	5,4	-0,4	6,0	4,6	4,8	-1,0
España								
Custo laboral total	20,6	0,0	21,8	-0,5	17,8	1,4	20,7	0,0
Custo salarial total	15,2	0,4	15,9	0,0	12,4	2,2	15,3	0,3
Custo salarial ordinario	13,5	-0,4	13,9	-0,2	11,6	1,1	13,6	-0,6
Outros custos	5,5	-0,9	5,9	-1,8	5,5	-0,5	5,4	-0,7

Fonte:INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Primeiro trimestre de 2022

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Galicia								
Ambas xornadas	30,5	4,7	32,5	5,4	33,9	4,9	29,7	4,5
Tempo completo	33,9	5,2	32,5	5,7	34,4	5,1	33,7	5,1
Tempo parcial	18,0	2,6	19,4	3,4	23,7	0,7	17,7	2,5
España								
Ambas xornadas	30,4	4,4	33,2	4,9	34,2	4,0	29,6	4,3
Tempo completo	33,9	4,9	34,4	5,1	35,2	4,2	33,7	5,0
Tempo parcial	18,1	2,3	19,6	2,2	20,0	1,4	18,0	2,4

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos por BNE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Primeiro trimestre de 2022

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.729,0	107,4	4,7	20,6	104,4	0,0
Andalucía	2.394,0	104,5	5,3	18,4	102,0	-0,3
Aragón	2.579,3	106,8	4,5	19,5	101,9	0,9
Asturias	2.701,5	105,0	4,9	20,8	102,1	1,5
Balears, Illes	2.496,4	104,8	10,8	19,2	107,6	-0,3
Canarias	2.322,6	107,5	14,5	17,7	107,0	1,8
Cantabria	2.519,0	103,7	1,3	19,1	103,3	-0,7
Castilla y León	2.415,6	104,0	3,5	18,6	100,7	1,4
Castilla-La Mancha	2.405,1	106,4	4,1	18,0	101,6	-1,2
Cataluña	2.941,9	109,3	6,0	22,2	105,7	1,2
Comunitat Valenciana	2.456,6	108,5	3,4	19,0	106,6	-0,3
Extremadura	2.152,3	102,6	2,6	16,7	99,7	-2,8
Galicia	2.427,5	108,0	4,4	18,3	105,4	-0,5
Madrid	3.287,5	109,3	4,3	24,0	105,7	0,1
Murcia	2.372,3	102,4	1,4	17,9	99,4	-2,1
Navarra	2.817,9	106,1	0,6	21,7	100,9	-2,2
País Vasco	3.174,9	107,7	2,1	24,9	102,6	-0,5
Rioja, La	2.431,4	103,9	6,3	18,3	98,8	1,7

Fonte: BNE

Cadro 5.- Custo salarial. Primeiro trimestre de 2022

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.006,6	105,8	5,2	15,2	102,8	0,4
Andalucía	1.740,8	102,6	6,3	13,3	100,2	0,6
Aragón	1.858,8	103,7	4,0	14,1	98,9	0,5
Asturias	1.989,0	103,0	5,9	15,3	100,1	2,5
Balears, Illes	1.822,5	103,6	11,2	14,0	106,2	0,1
Canarias	1.690,9	106,3	15,2	12,9	105,8	2,5
Cantabria	1.798,7	99,5	2,5	13,7	99,2	0,5
Castilla y León	1.745,6	101,6	3,2	13,5	98,4	1,1
Castilla-La Mancha	1.736,1	103,9	4,1	13,0	99,2	-1,1
Cataluña	2.166,2	107,4	6,5	16,3	103,9	1,7
Comunitat Valenciana	1.789,2	106,3	3,4	13,8	104,4	-0,2
Extremadura	1.561,6	100,3	2,7	12,1	97,4	-2,7
Galicia	1.765,3	106,7	4,4	13,3	104,1	-0,5
Madrid	2.486,9	109,1	4,9	18,1	105,6	0,7
Murcia	1.713,5	99,4	1,8	12,9	96,5	-1,8
Navarra	2.035,8	103,6	0,6	15,7	98,4	-2,1
País Vasco	2.316,4	105,1	2,5	18,2	100,2	0,0
Rioja, La	1.753,7	100,1	5,6	13,2	95,2	1,1

Fonte:NE

Cadro 6.- Outros custos. Primeiro trimestre de 2022

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	722,4	112,2	3,5	5,5	109,2	-0,9
Andalucía	653,2	109,8	2,8	5,0	107,3	-2,5
Aragón	720,5	115,9	5,5	5,5	110,8	2,1
Asturias	712,5	111,0	2,0	5,5	107,9	-1,3
Balears, Illes	673,9	108,2	9,7	5,2	111,4	-1,3
Canarias	631,6	110,7	12,6	4,8	110,1	0,0
Cantabria	720,4	115,9	-1,6	5,5	115,2	-3,7
Castilla y León	670,0	110,6	4,4	5,2	107,3	2,2
Castilla-La Mancha	669,0	113,4	4,1	5,0	108,2	-1,2
Cataluña	775,6	115,0	4,5	5,8	111,0	-0,3
Comunitat Valenciana	667,4	115,1	3,2	5,2	112,9	-0,4
Extremadura	590,7	109,4	2,4	4,6	106,3	-3,2
Galicia	662,2	111,6	4,5	5,0	108,7	-0,4
Madrid	800,6	109,8	2,6	5,8	106,0	-1,5
Murcia	658,8	111,2	0,6	5,0	107,8	-2,9
Navarra	782,1	113,5	0,5	6,0	107,9	-2,3
País Vasco	858,5	115,4	0,8	6,7	109,8	-1,8
Rioja, La	677,7	115,2	8,0	5,1	109,4	3,4

Fonte:NE